

Acordo do 6 de xuño de 2023, do Tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar, por concurso-oposición e promoción interna, en dúas prazas do Corpo de Xestión do Parlamento de Galicia, polo que se determina a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio.

Por Resolución da Presidencia do 3 de marzo de 2023 (BOPG núm. 464, do 6 de marzo de 2023), foi nomeado o Tribunal para vulgar as probas selectivas para ingresar en dúas prazas do Corpo de Xestión do Parlamento de Galicia, convocadas por Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de outubro de 2022 (BOPG núm. 401, do 26 de outubro de 2022).

Realizado o primeiro exercicio o Tribunal acordou, o 2 de maio de 2023, declarar que superaron a proba os dous aspirantes concorrentes, ao ter acadado a puntuación mínima exixida.

Na súa reunión do 6 de xuño de 2023 o Tribunal acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.2., que o segundo exercicio teña lugar o **martes, 20 de xuño de 2023**, na **Sala Carballo Calero**, na planta baixa da sede do Parlamento de Galicia, en chamamento único que comezará ás **9:30 horas**.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo azul ou negro. Poden acudir provistos de calculadora.

Esta totalmente prohibida a utilización de reloxos intelixentes durante os exercicios. Este tipo de dispositivos, do mesmo xeito que os teléfonos móbiles, deberán permanecer apagados e gardados ou depositarse no chan durante todo o desenvolvemento da proba.

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2023.

Carolina Costoya Pardo
Presidenta do Tribunal